



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS


Novembro 2019

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2020

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Indicador de actividade e de VEB do sector servizos. Base 2015. Novembro 2019


- O indicador de actividade no sector servizos rexista no mes de novembro en Galicia un descenso do 1,6% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa 3,7 puntos inferior á do mes de outubro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 0,9%, 3,1 puntos menos que no mes anterior.
- No Comercio diminúe a facturación o 5,9% mentres que nos Outros servizos aumenta o 13,5%.
- O persoal ocupado no sector servizos aumenta en Galicia un 0,3% e en España un 1,1% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- En trece comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios no mes de novembro.
- En quince comunidades crece a ocupación.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de novembro en Galicia un descenso do 1,6% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa 3,7 puntos menor que a do mes de outubro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 0,9%, 3,1 puntos menos que no mes anterior.



O *Comercio*, cun descenso do 5,9%, resta 4,0 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* aumentan a súa facturación o 13,5% e achegan 2,4 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España a facturación no *Comercio* diminúe o 0,1% e nos *Outros servizos* aumenta o 3,0%.

Nas actividades comerciais, o *Comercio por xunto* diminúe o 9,1%, co que resta 4,7 puntos. En senso contrario, o *Comercio ao retallo* aumenta un 2,8%, co que achega 0,6 puntos á taxa de variación do índice xeral e a *Venta e reparación de vehículos de motor* crece un 3,4% e achega 0,1 puntos. A nivel nacional, o *Comercio por xunto* rexistra un descenso do 1,4%, o *Comercio ao retallo* aumenta o 2,5% e a *Venta e reparación de vehículos de motor* crece o 0,3%.

Os *Outros servizos* aumentan a cifra de negocios en Galicia o 13,5%. O *Transporte* rexistra o maior incremento, 25,9%, co que achega 1,7 puntos a taxa de variación do índice xeral.

En España, os *Outros servizos* aumentan o 3,0%. Os maiores incrementos rexístranse nas *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (4,5%) e nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (5,1%).

Nos once primeiros meses do ano, a cifra de negocios crece un 3,7% en Galicia e un 3,8% en España; o *Comercio* crece menos en Galicia, 2,5%, que en España, 3,1%, mentres que os *Outros servizos* aumentan máis en Galicia (7,8%) que en España (5,2%).

En Galicia, o *Transporte* é o sector con maior incremento (14,5%). Pola contra, a *Venta e reparación de vehículos de motor* e *Información e comunicación* diminúen a súa facturación no que vai de ano, -4,3% e -0,2% respectivamente.

En España, a taxa máis alta rexístrase en *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (7,5%) e o único sector onde diminúe a facturación no acumulado do ano é en *Venta e reparación de vehículos de motor* (-1,3%).

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 3,8% no mes de novembro.

O sector que máis contribúe a este crecemento é o *Transporte*, ao incrementarse un 24,3%, co que achega 3,6 puntos. En senso contrario, o *Comercio* rexistra un descenso do 4,0%.


No que vai de ano, o índice aumenta un 4,3%. O *Transporte* é o sector con mellor comportamento (14,0%) mentres que *Información e comunicacións* é o único sector con taxa negativa, -0,6%.

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 0,5% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB aumenta o 5,6%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.



1.4. Indicadores por comunidades autónomas


No mes de novembro en trece comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios respecto ao mesmo mes do ano. Os maiores aumentos danse en Murcia (5,8%), Extremadura (4,5%) e Andalucía (4,0%).

En tres comunidades autónomas diminúe a facturación: Galicia (-1,6%), Comunidad de Madrid (-0,3%) e Castilla - La Mancha (-0,2%)

No que vai de ano, os maiores crecementos rexístranse Extremadura e Murcia (ambas as dúas 6,3%). As taxas máis baixas corresponden a Canarias (1,0%) e Illes Balears (1,2%).

Índices de cifra de negocios. Novembro 2019


Taxa de variación en %



2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 0,3% respecto ao mes de novembro de 2018, oito décimas menos que en España (1,1%).



O persoal ocupado aumenta un 0,9% no *Comercio* e diminúe un 0,1% nos *Outros servizos*. Todos os sectores rexistran taxas positivas agás *Venta e reparación de vehículos de motor* (-1,1%) e *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (-4,0%). Os maiores crecementos danse no *Transporte* (1,6%) e *Información e comunicación* (2,1%).

En España, o persoal ocupado aumenta en todos os sectores. O maior incremento rexístrase en *Información e comunicación* (2,6%).

No que vai de ano, o persoal ocupado aumentou un 1,3% en Galicia e un 1,6% en España. O maiores crecementos da ocupación en Galicia danse no *Comercio por xunto* (3,3%) e nas *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (3,1%).


2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

Todas as comunidades autónomas aumentan o emprego no sector servizos no mes de novembro con respecto ao mesmo mes do ano 2018 agás Canarias (-0,1%) e Asturias (0,0%). Os maiores incrementos danse en Illes Balears (2,6%) e Extremadura (2,0%).

No que vai de ano, os maiores crecementos rexístranse en Extremadura (2,4%) e Comunitat Valenciana (2,3%); a taxa máis baixa corresponde a Castilla y León (0,7%).

Índices de persoal ocupado. Novembro 2019

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (propietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Novembro 2019

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	126,0	-1,6	3,7
Comercio	125,5	-5,9	2,5
Venta e reparación de vehículos de motor	103,2	3,4	-4,3
Comercio por xunto	134,1	-9,1	3,3
Comercio ao retalho	110,4	2,8	1,7
Outros servizos	126,9	13,5	7,8
Transporte	142,8	25,9	14,5
Hostalería	101,9	4,3	5,6
Información e comunicacións	112,3	2,3	-0,2
Actividades profesionais, científicas e técnicas	125,7	9,1	3,8
Actividades administrativas e servizos auxiliares	129,2	3,7	4,8
España			
Xeral	121,7	0,9	3,8
Comercio	122,7	-0,1	3,1
Venta e reparación de vehículos de motor	138,2	0,3	-1,3
Comercio por xunto	124,8	-1,4	4,1
Comercio ao retalho	113,2	2,5	2,6
Outros servizos	120,0	3,0	5,2
Transporte	119,7	2,8	5,8
Hostalería	102,9	3,9	3,6
Información e comunicacións	116,7	-0,5	2,6
Actividades profesionais, científicas e técnicas	140,4	4,5	7,5
Actividades administrativas e servizos auxiliares	117,3	5,1	6,1

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Novembro 2019

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	122,3	3,8	4,3
Comercio	120,3	-4,0	1,2
Transporte	156,6	21,8	14,0
Hostalería	104,0	4,3	5,7
Información e comunicacións	112,9	2,6	-0,6
Actividades profesionais, científicas e técnicas	121,5	7,7	5,2
Actividades administrativas e servizos auxiliares	136,8	1,2	2,5

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Novembro 2019**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	121,7	0,9	3,8
Andalucía	117,4	4,0	6,0
Aragón	122,2	0,9	3,0
Asturias	115,8	1,8	5,1
Balears, Illes	93,5	1,2	1,2
Canarias	121,3	0,5	1,0
Cantabria	124,4	2,1	5,9
Castilla y León	113,6	0,0	1,9
Castilla-La Mancha	124,6	-0,2	3,4
Cataluña	118,2	0,5	3,0
Comunitat Valenciana	120,8	2,4	4,3
Extremadura	122,7	4,5	6,3
GALICIA	126,0	-1,6	3,7
Madrid	129,0	-0,3	3,9
Murcia	121,3	5,8	6,3
Navarra	121,5	0,4	4,3
País Vasco	123,9	2,2	4,3
Rioja, La	126,9	1,8	3,9

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Novembro 2019

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	108,5	0,3	1,3
Comercio	109,0	0,9	1,7
Venta e reparación de vehículos de motor	100,4	-1,1	0,6
Comercio por xunto	120,6	1,4	3,3
Comercio ao retalho	104,0	1,0	0,8
Outros servizos	108,0	-0,1	1,0
Transporte	107,0	1,6	2,7
Hostalería	103,6	0,9	0,2
Información e comunicacións	108,8	2,1	2,2
Actividades profesionais, científicas e técnicas	107,9	0,8	3,1
Actividades administrativas e servizos auxiliares	114,3	-4,0	-1,1
España			
Xeral	109,2	1,1	1,6
Comercio	108,1	1,1	1,4
Venta e reparación de vehículos de motor	107,9	1,0	1,5
Comercio por xunto	112,4	1,8	2,1
Comercio ao retalho	105,3	0,7	1,0
Outros servizos	109,9	1,1	1,8
Transporte	109,7	0,9	2,0
Hostalería	104,5	0,5	0,9
Información e comunicacións	111,2	2,6	3,0
Actividades profesionais, científicas e técnicas	109,0	1,6	2,1
Actividades administrativas e servizos auxiliares	116,5	1,1	2,0

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Novembro 2019

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	109,2	1,1	1,6
Andalucía	107,2	1,3	1,9
Aragón	110,7	0,9	1,3
Asturias	105,1	0,0	0,8
Balears, Illes	100,1	2,6	1,7
Canarias	110,2	-0,1	0,8
Cantabria	108,8	0,7	0,9
Castilla y León	105,4	0,3	0,7
Castilla-La Mancha	107,2	1,2	1,4
Cataluña	110,3	0,9	1,9
Comunitat Valenciana	113,0	1,9	2,3
Extremadura	107,3	2,0	2,4
GALICIA	108,5	0,3	1,3
Madrid	110,3	1,4	1,7
Murcia	113,1	1,8	1,5
Navarra	111,0	1,3	2,0
País Vasco	107,0	0,5	1,0
Rioja, La	109,9	1,4	1,9

Fonte: INE